

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 03/09/2019**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

D. ALVARO CAROU GARCIA
D. MIGUEL ANGEL GARCIA MIGUENS

SECRETARIA

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 03/09/2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 24 de xullo de 2019.
2. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
3. Exame e toma de decisión sobre as reclamacións presentadas ao orzamento xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2019, por Dona M^a Jesús Fole Gómez-Ricoy e D. Xesús María Rodríguez Castro e/n Asociación Umia Vivo, e aprobación definitiva, se procede, do orzamento Xeral citado.
4. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal Vilagarcía en común para a mellora do mantemento das zonas verdes do barrio de Marxión, mellora dos equipamentos e posta en marcha da iluminación pública.

5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal Vilagarcía en Común para a reordenación do tránsito de vehículos en diversas zonas de Vilagarcía de Arousa.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para melloras no pavillón número un de Fontecarmoa.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para o apoio e difusión do xogo tradicional da billarda.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre o financiamento da Xunta de Galicia para a obra da vía verde do Salnés
9. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
10. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
11. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
12. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 24 DE XULLO DE 2019.-

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 24 de xullo de 2019.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade das persoas representantes dos grupos políticos municipais presentes no Pleno (19 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. Xan Rodiño García, Presidente da Asociación Cultural e Deportiva Billarda Rias Baixas, en relación coa Moción presentada polo grupo político Municipal do BNG en apio e difusión do xogo tradicional da billarda, presentada coa data de 21 de agosto de 2019.

- Dona María del Carmen Oliveira Fuentes, en relación coa Moción presentada polo grupo político municipal Vilagarcía en Común para a mellora do mantemento das zonas verdes do barrio de Marxión, mellora dos equipamentos e posta en marcha da iluminación pública, presentada coa data de 2 de setembro de 2019.

A continuación polo Sr. Alcalde alterase a Orde do Día do Pleno, pasando a tratarse o asunto que figura co nº7 da mesma e a continuación o asunto que figura co nº 4 da citada orde do día.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA O APOIO E DIFUSIÓN DO XOGO TRADICIONAL DA BILLARDA.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de agosto de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos Grupo Municipal do BNG coa data de 21 de agosto de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN APOIO E DIFUSIÓN DO XOGO TRADICIONAL DA BILLARDA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A billarda é un xogo que forma parte da tradición cultural galega. Aínda que a súa práctica foi minguando ao longo do tempo, aínda se conserva nalgunhas zonas do país. Desde o ano 2003 véñense organizando en Galiza competicións de billarda. O proceso de recuperación comezou na Mariña de Lugo, e desde aí foi estendéndose a case todo o territorio galego. No 2005 produciuse unha unificación de normas a partir do xeito tradicional e neses anos creouse a Liga Nacional de

Billarda, que organiza competicións comarcais en todo o territorio galego agás en Ourense, onde non hai competición mais si torneos de exhibición ao longo do verán.

Nos primeiros anos de recuperación creáronse tres conferencias ou competicións: a Norleste (Lugo), a Noroeste (Coruña) e Rías Baixas (Pontevedra). Entre 2010 e 2013 creáronse 6 conferencias. Nos tres últimos anos seguiu incrementándose o número de practicantes, que na actualidade é dunhas 320 persoas, das que un 35% son mulleres.

Cómpre ter en conta que se trata dunha actividade deportiva que combina competición e participación e que ten unha alta potencialidade de desenvolvemento social e no eido educativo por tratarse dun xogo que transmite valores positivos, é inclusivo e fomenta a relación interxeracional. Para continuar co proceso de recuperación e expansión, a billarda precisa de apoio institucional desde a Xunta de Galiza, as deputacións e os concellos, sendo o concello de Vilagarcía de Arousa o único da comarca onde non se chegou a celebrar, a día de hoxe, ningunha proba de billarda dende a creación da conferencia das Rías Baixas.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o debate en Pleno, onde se solicita:

ACORDOS:

1. Desenvolver un programa de divulgación e expansión deste xogo no ámbito educativo implicando ao Consello Municipal Escolar.
2. Fomentar e apoiar as competicións de billarda facilitando un lugar céntrico, como a praia (en período non estival), para o desenvolvemento dunha proba da Liga Nacional de Billarda, así como un lugar alternativo en caso de choiva.
3. Acondicionar un espazo de xeito permanente para o desenvolvemento de deportes tradicionais como a billarda, chave, bolos celta...

Vilagarcía de Arousa, 21 de agosto 2019

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo municipal de BNG para o apoio e difusión do xogo tradicional da billarda.

A continuación intervén o Sr. Rodiño García solicitando o apoio e difusión do xogo da billarda.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Por unanimidade das persoas representantes dos grupos municipais presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Desenvolver un programa de divulgación e expansión deste xogo no ámbito educativo implicando ao Consello Municipal Escolar.
2. Fomentar e apoiar as competicións de billarda facilitando un lugar céntrico, como a praia (en período non estival), para o desenvolvemento dunha proba da Liga Nacional de Billarda, así como un lugar alternativo en caso de choiva.
3. Acondicionar un espazo de xeito permanente para o desenvolvemento de deportes tradicionais como a billarda, chave, bolos celta...

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL VILAGARCÍA EN COMÚN PARA A MELLORA DO MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES DO BARRIO DE MARXIÓN, MELLORA DOS EQUIPAMENTOS E POSTA EN MARCHA DA

ILUMINACIÓN PÚBLICA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de agosto de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos Grupo Municipal Vilagarcía en Común coa data de 19 de agosto de 2019, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de agosto de 2019, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A MELLORA DO MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES DO BARRIO DE MARXIÓN, MELLORA DOS EQUIPAMENTOS E POSTA EN MARCHA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As veciñas e os veciños do barrio de Marxión levan tempo queixándose do estado de abandono que sofren no relativo ao mantemento das zonas verdes que rodean as vivendas do barrio; concretamente, no tocante á limpeza e roza dun solar que o Concello vén utilizando, por acordo co propietario, para aloxar as caravanas das persoas que instalan os postos e atraccións das festas en Vilagarcía. Coincide este feito co único momento do ano no que se fai unha limpeza do solar. O resto do ano queda nunha situación de abandono, o que deriva no crecemento incontrolado da vexetación, que remata invadindo as zonas de tránsito nas beirarrúas que o rodean. O mesmo pasa con outros solares paralelos ás beirarrúas, que son invadidos pola maleza que nace dentro deles. Ademais da incomodidade para o paso e a mala imaxe que causan, son un foco importante de certas especies animais (algúns veciños mesmo comentan que sufriron picaduras de carra-chos). Todo isto crea unha situación de insalubridade que lles preocupa, e moito, ás persoas que utilizan esas áreas verdes do barrio.

Tamén chaman á atención sobre a existencia dunha instalación de iluminación pública que non está a funcionar, feito que resulta incomprendible, xa que unha vez colocada a instalación, non se entende que teñan que estar a escuras, o que provoca unha situación de inseguridade e fai intransitable esta zona pola noite.

Existe un pequeno parque infantil que necesita ser actualizado nos seus elementos de xogo, ampliar o espazo e mesmo se podería pensar en cambiar a súa localización, xa que non hai unha distancia de seguridade suficiente entre o lugar do parque infantil e as calzadas de paso de vehículos. Os veciños consideran que é necesario o emprego de materiais máis seguros e hixiénicos para o chan do parque, que na actualidade é de grava.

Reclaman tamén a instalación e actualización do equipamento e do mobiliario público (por exemplo: a instalación de máis bancos, máis papeleiras, actualización da marquesiña do autobús, entre outros). Destacan tamén a importancia que tería para a veciñanza a instalación dunha fonte de auga potable e dun dispensador de auga para as mascotas, xa que é un espazo moi utilizado como zona de paseo de mascotas, tanto polos veciños e veciñas do barrio como dos lugares próximos.

Existe espazo suficiente para dotar o barrio dos equipamentos mencionados, e mesmo se debería estudar a posibilidade de poder situar unha pista multideportiva, xa que no lugar pode observarse a existencia de dúas pequenas porterías, síntoma de que a práctica deportiva está a realizarse en condicións improvisadas polos propios veciños.

Transmítesenos ademais por parte dos veciños e das veciñas que levan algún tempo reclamando as atencións mínimas de coidados, mantemento, limpeza de solares e posta en marcha da iluminación, pero esas reclamacións foron infrutuosas.

E por todo o expresado, mediante esta moción facémonos eco das peticións dos veciños e das veciñas e dos usuarios das zonas verdes do barrio de Marxión, para que se poñan en marcha as seguintes medidas que propoñemos a través do seguinte

ACORDO

1.- Establecer unha periodicidade para realizar as limpezaas necesarias, ou esixírllelo aos propietarios das parcelas se fose o caso, para manter en correcto estado de limpeza esas fincas e evitar que se produzan situacións de insalubridade por presenza de lixo ou de organismos posibles portadores de infeccións, para evitar deste xeito a invasión das beirarrúas.

2.- Poñer en funcionamento a rede de iluminación pública que xa está instalada en toda a zona.

- 3.- Estudar a posibilidade de actualizar a marquesiña do autobús, situar máis bancos e papeleiras, e procurar que as existentes estean en correcto estado de uso e mantemento.
- 4.- Instalación dunha fonte de auga potable e tamén dun dispensador de auga para mascotas.
- 5.- Estudar a posibilidade dunha nova localización do parque infantil, para ampliálo. En todo caso, mellora dos equipamentos do parque actual, así como do material do chan.
- 6.- Estudar a posibilidade de instalar unha pista ou infraestrutura que permita a realización de actividade deportiva.

En Vilagarcía de Arousa, 19 de agosto de 2019

Jesús López Rodríguez

Voceiro de Vilagarcía en Común

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal de Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo municipal de Vilagarcía en Común para mellora do mantemento das zonas verdes do barrio de Marxión, mellora do equipamento e posta en marcha da iluminación pública.

Intervén Dona M^a del Carmen Oliveira Fuentes solicitando melloras no barrio de Marxión

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidad das persoas pertencentes ós grupos políticos municipais asistentes ao Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a Moción presentada Polo Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común e:

- 1.- Establecer unha periodicidade para realizar as limpezaas necesarias, ou esixírllelo aos propietarios das parcelas se fose o caso, para manter en correcto estado de limpeza esas fincas e evitar que se produzan situacións de insalubridade por presenza de lixo ou de organismos posibles portadores de infeccións, para evitar deste xeito a invasión das beirarrúas.
- 2.- Poñer en funcionamento a rede de iluminación pública que xa está instalada en toda a zona.
- 3.- Estudar a posibilidade de actualizar a marquesiña do autobús, situar máis bancos e papeleiras, e procurar que as existentes estean en correcto estado de uso e mantemento.
- 4.- Instalación dunha fonte de auga potable e tamén dun dispensador de auga para mascotas.
- 5.- Estudar a posibilidade dunha nova localización do parque infantil, para ampliálo. En todo caso, mellora dos equipamentos do parque actual, así como do material do chan.
- 6.- Estudar a posibilidade de instalar unha pista ou infraestrutura que permita a realización de actividade deportiva.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- EXAME E TOMA DE DECISIÓN SOBRE AS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM PARA O EXERCICIO 2019, POR DONA M^a JESUS FOLE GÓMEZ-RICOY E D. XESÚS MARIA RODRÍGUEZ CASTRO E/N ASOCIACIÓN UMIA VIVO, E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DE ORZAMENTO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de agosto de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta das reclamacións presentadas contra o orzamento Xeral do Concello de da FPSDM para o ano 2019. Durante o período de exposición ao público do mesmo. Unha, por parte de Dona M^a Jesús Fole Gómez-Ricoy e outra por parte de D. Xesús María Rodríguez Castro e/n Asociación Umia Vivo.

Así mesmo dáse conta do informe xurídico sobre a reclamación ao orzamento xeral presentada por dona M^a Jesús Fole Gómez-Ricoy do seguinte teor literal:

INFORME XURÍDICO SOBRE A RECLAMACIÓN PRESENTADA, POR DONA MARÍA JESÚS FOLE GÓMEZ-RICOY CONTRA CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ANEXO DE PERSOAL, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2019

ANTECEDENTES:

Con data 9 de agosto de 2019, número de rexistro 2019008052, dona María Jesús Fole Gómez-Ricoy, presenta escrito mediante o que interpón reclamación ao cadro de persoal (plantilla), relación de postos de traballo e anexo de persoal (valoración orzamentaria ano 2019), incluídas como anexo no Orzamento Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ao exercicio 2019, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrado o día 24 de xullo de 2019 (BOP nº 147 de data 02/08/2019), con considerar que a mesma é contraria aos seus dereitos e lexítimos intereses.

Na citada reclamación, a Sra. Fole Gómez-Ricoy solicita:

1. Nova valoración dos complementos específicos e de destino que percibe.
2. Incluír unha praza de maior categoría na RPT para a súa provisión por promoción interna.

En relación coa referida reclamación emítese o seguinte

INFORME

1) Con respecto ao primeiro apartado da súa solicitude (nova valoración dos complementos específico e de destino) tal e como indica a Sra. Fole, no ano 2015 presentou un recurso contencioso-administrativo contra o concello solicitando a subida dos complementos de destino e específico, sendo desestimada a súa pretensión polo órgano xurisdiccional. A sentenza indica que tanto o complemento de destino, como o complemento específico de cada posto debe fixarse na correspondente Relación de Postos de Traballo, sendo o Pleno da Corporación quen asignará nivel a cada postos de traballo atendendo a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e mando, correspondendo a súa determinación á Relación de Postos de Traballo, Catálogo ou instrumento equivalente.

2) O procedemento para a aprobación ou modificación da Relación de Postos de Traballo é o seguinte:

- Con carácter previo a Corporación debe efectuar una valoración dos postos de traballo, onde deben valorarse as tarefas ou responsabilidades atribuídas a cada praza.

- Debe ter en conta que a modificación das retribucións do posto ou das condicións de traballo, son materias suxeitas a negociación colectiva cos representantes dos traballadores, segundo o disposto no artigo 37.1.b) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que previamente á súa aprobación deberá someterse á mesa de negociación da concello, citando aos sindicatos que ostenten representación no Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Unha vez efectuada a valoración e a negociación, no seu caso, será o Pleno da Corporación o competente par aprobar a modificación no documento indicado, de acordo co establecido no artigo 22.2.i) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local

- Deberá ser informada pola Intervención Municipal, no suposto en que modifique créditos e polo Xefe do Servizo correspondente.

- A citada modificación exporase ao público durante o prazo de 15 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar e presentar reclamacións ante o Pleno, considerándose definitivamente aprobada a modificación si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

Aos efectos da valoración das funcións que enumera a Sra. Fole debe sinalarse que algunhas precisan, en gran parte, de datos elaborados previamente por outros Departamentos, principalmente Recursos Humanos e Intervención, polo que non poden atribuírse como propias pola recorrente.

3) Con respecto á inclusión dunha nova praza de maior categoría na RPT para a súa provisión por promoción interna, indicar que, nos dous últimos orzamentos (2018 e 2019) incluíronse procedementos de promoción interna, comezando polas prazas de categoría inferior á da Sra. Fole, ata chegar en próximos orzamentos (2020 e seguintes) ás prazas de similar categoría a da Sra. Fole ou superiores, de seguir a Corporación co mesmo criterio.

Na actualidade estase elaborando una nova Relación de Postos de Traballo que abarca a totalidade das prazas desempeñadas por persoal funcionario e laboral do Concello e debe ser nese contexto onde se tome en consideración a petición da Sra. Fole e restantes empregados/as municipais.

Visto o que antecede esta Secretaría entende que debe desestimarse a reclamación interposta por D^a María Jesús Fole Gómez-Ricoy, contra o cadro de persoal (plantilla), relación de postos de traballo e anexo de persoal (valoración orzamentaria ano 2019), incluídas como anexo no Orzamento Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ao exercicio 2019, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión ordinaria celebrado o día 24 de xullo de 2019.

A reclamación presentada ao orzamento xeral por D. Xesús María Rodríguez Castro e/n Asociación Umia Vivo solicita o seguinte:

1- Poñemos de manifesto que o concello de Vilagarcía incumple de xeito reiterado os acordos plenarios e de Xunta de Goberno Local en materia de protección do patrimonio e en concepto dos petróglifos en situación de risco.

2- Consideramos que é reiterado publico e notorio o desinterés da clase política polo coidado e defensa do patrimonio arqueolóxico situado no concello de Vilagarcía en especial as laxes con gravados situadas nos montes do termo municipal.

3- Unha vez mais poñemos de manifesto a noso dereito ao patrimonio e a garantir a transmisión do mesmo as xeneracións vindeiras así como a responsabilidade que corresponde o concello de Vilagarcía na adopción de medidas para a súa preservación.

4- Que non está conforme co acordo de aprobación inicial do Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2019 polas razóns seguintes:

Se omite o crédito necesario para o cumprimento das seguintes obrigacións legalmente esixibles á entidade local pola normativa citada en relación co coidado sinalización do patrimonio arqueolóxico e e en concreto e sobre todo os petróglifos por tratarse de elementos especialmente vulnerables como así queda acreditado polos numerosos petróglifos afectados na realización de traballos forestais ou polos lumes polo feito de estar rodeados ou acubillados de maleza ou rodeados de eucaliptos, como quedou en evidencia polos lumes do ano 2006 a recentemente os lumes do ano 2017.

Solicita que se corrixa o orzamento consignando importe par actuacións que garantan as medidas mais elementais de sinalización e desbrece de elementos do patrimonio arqueolóxico en especial petróglifos por ser algo abordable dronte os cuantiosos investimentos que se programan para outras finalidades que non consideramos tan urxentes.

1) Non habendo intervencións, sométese a reclamación presentada pola Sra. Fole a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, e Ciudadanos informan desfavorablemente.

As persoas representates dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase desfavorablemente a reclamación ao orzamento xeral presentadas por dona M^a Jesús Fole Gómez Ricoy.

2) A continuación sométese a votación a reclamación presentada pola Asociación Umia Vivo co seguinte resultado:

VOTACIÓN

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE informan desfavorablemente.

As persoas representates dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase desfavorablemente a reclamación ao orzamento xeral presentadas por D. Xesús María Rodríguez Castro e/n Asociación Umia Vivo.

3) Finalmente sométese a votación a aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello e FPSDM para 2019, co seguinte resultado:

VOTACIÓN

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representates dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello de FPSDM para o ano 2019, e polo tanto dictaminase favorablemente:

1.- Desestimar as reclamacións presentadas por Dona M^a Jesús Fole Gómez-Ricoy e D. Xesús M^a Rodríguez Castro e/n Umia Vivo, durante o período de exposición ao público do orzamento xeral do Concello e da FPSDM do exercicio 2019

2.- A aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2019, cun importe consolidado que ascende a 27.743.175,46 € no estado de ingresos e 27.743.175,46 € no estado de gastos, cun superavit por tanto de 0,00 €, así como as bases de execución, o anexo de investimentos que ascende a 834.407,13 € e o teito de gasto non financeiro que se fixa en 23.317.301,18 €

3.- A concertación dunha operación de crédito afectado ao anexo de investimentos por importe de 550.000,00€, por non atoparse o Concello afectado polas limitacións impostas nestas materias polo TRLRFL 2/2004 e demais normativa de aplicación (lei 27/2012 e L.O. 20/2012).

4.- Aprobar a convocatoria de procedemento de promoción interna de 10 prazas de Administrativo subgrupo C1 da escala de Administración Xeral a través dun Plan de ordenación de RRHH para a reorganización dos postos de traballo e prazas vencelladas dentro do grupo C de Administración Xeral. Unha vez concluído o proceso de promoción interna coa toma de posesión doas/as candidatas/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultados do subgrupo C2 (auxiliar administrativo) e postos de xefatura de grupo vacantes.

5.- Aprobar a convocatoria de procedemento de promoción interna de 7 prazas de Administrativo subgrupo C1 da escala de Administración Especial a través dun Plan de ordenación de RRHH para a reorganización dos postos de traballo e prazas vencelladas dentro do grupo C de Administración Especial, dos seguintes postos de traballo de nova denominación:

1 Xestor de Arquivo (C1)

1 Xestor Información ao Público (C1)

2 Xestora Socioculturais (C1)

2 Xestor/a informática (C1)

1 Xestora de Redacción (C1)

Cunha dotación conxunta prevista no ano 2019 completo de 49.501,09€.

Proceder á convocatoria por quenda de promoción interna dunha praza de 1 Técnico Superior FP Informática (Grupo B).

6- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2019, que se unen como anexo a esta proposta.

7.- Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2019 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

Vacante non ocupadas

1 praza de Inspector/a do Corpo de Policía Local. (Subgrupo A2)

1 praza de Delineante-Proyectista

1 praza Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas

1 praza de Técnico de Cultura (subgrupo A2)

1 praza de Técnico/a en prevención de condutas aditivas. (Subgrupo A2)

1 praza de Técnico de Xestión (subgrupo A2)

3 prazas de Auxiliar Administrativo.

1 praza de Policía Local por quenda libre

2 prazas de Policía Local por quenda de mobilidade

Vacantes ocupadas por persoal funcionario interino 2018-2019: 2 Operario-Albanel

1 Operario de Mercados

1 Operario mantemento instalacións culturais.

1 Subalterno de Biblioteca.

1 Subalterno Biblioteca a tempo parcial.

1 Operario Conductor maquinista.

2 Operario de Servicios.

1 Operario Peón

3 Operario-Conserxe

8.- Proceder a recuperación progresiva (80%) das aportación ao Plan de Pensións segundo o Acordo Marco vixente, e polos seguintes importes: aportación individual anual 331,26€/ano (27,61€/mes); sendo a aportación total por todos os/as empregados/as de 82.815,00€ o que supón un incremento total respecto ao ano 2018 de 17.535,00€.

1) Sometida a votación polo Sr. Alcalde a reclamación presentada pola Sra. Fole da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 17 votos en contra das persoas pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (4), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e dúas abstencións das persoas pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría desestimar a reclamación ao orzamento xeral presentada por dona M^a Jesús Fole Gómez Ricoy.

2) Sometida a votación polo Sr. Alcalde a reclamación presentada pola Asociación Umia Vivo da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 8 votos a favor das persoas pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e once votos en contra das persoas pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE: Por maioría desestimar a reclamación ao orzamento xeral presentada por D. Xesús María Rodríguez Castro e/n Asociación Umia Vivo.

3) Finalmente polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello e FPSDM para 2019, co seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor das persoas pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (11) e oito votos en contra, das persoas pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría a a aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello de FPSDM para o ano 2019, e polo tanto:

1.- Desestimar as reclamacións presentadas por Dona M^a Jesús Fole Gómez-Ricoy e D. Xesús M^a Rodríguez Castro e/n Umia Vivo, durante o período de exposición ao público do orzamento xeral do Concello e da FPSDM do exercicio 2019

2.- A aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2019, cun importe consolidado que ascende a 27.743.175,46 € no estado de ingresos e 27.743.175,46 € no estado de gastos, cun superavit por tanto de 0,00 €, así como as bases de execución, o anexo de investimentos que ascende a 834.407,13 € e o teito de gasto non financeiro que se fixa en 23.317.301,18 €

3.- A concertación dunha operación de crédito afectado ao anexo de investimentos por importe de 550.000,00€, por non atoparse o Concello afectado polas limitacións impostas nestas materias polo TRLRFL 2/2004 e demais normativa de aplicación (lei 27/2012 e L.O. 20/2012).

4.- Aprobar a convocatoria de procedemento de promoción interna de 10 prazas de Administrativo subgrupo C1 da escala de Administración Xeral a través dun Plan de ordenación de RRHH para a reorganización dos postos de traballo e prazas vencelladas dentro do grupo C de Administración Xeral. Unha vez concluído o proceso de promoción interna coa toma de posesión doas/as candidatas/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultados do subgrupo C2 (auxiliar administrativo) e postos de xefatura de grupo vacantes.

5.- Aprobar a convocatoria de procedemento de promoción interna de 7 prazas de Administrativo subgrupo C1 da escala de Administración Especial a través dun Plan de ordenación de RRHH para a reorganización dos postos de traballo e prazas vencelladas dentro do grupo C de Administración Especial, dos seguintes postos de traballo de nova denominación:

1 Xestor de Arquivo (C1)

1 Xestor Información ao Público (C1)

2 Xestora Socioculturais (C1)

2 Xestor/a informática (C1)

1 Xestora de Redacción (C1)

Cunha dotación conxunta prevista no ano 2019 completo de 49.501,09€.

Proceder á convocatoria por quenda de promoción interna dunha praza de 1 Técnico Superior FP Informática (Grupo B).

6- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2019, que se unen como anexo a esta proposta.

7.- Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2019 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

Vacante non ocupadas

1 praza de Inspector/a do Corpo de Policía Local. (Subgrupo A2)

1 praza de Delineante-Proyectista

1 praza Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas

1 praza de Técnico de Cultura (subgrupo A2)

1 praza de Técnico/a en prevención de condutas aditivas. (Subgrupo A2)

1 praza de Técnico de Xestión (subgrupo A2)

3 prazas de Auxiliar Administrativo.

1 praza de Policía Local por quenda libre

2 prazas de Policía Local por quenda de mobilidade

Vacantes ocupadas por persoal funcionario interino 2018-2019: 2 Operario-Albanel

1 Operario de Mercados

1 Operario mantemento instalacións culturais.

1 Subalterno de Biblioteca.

1 Subalterno Biblioteca a tempo parcial.

1 Operario Conductor maquinista.

2 Operario de Servicios.

1 Operario Peón

3 Operario-Conserxe

8.- Proceder a recuperación progresiva (80%) das aportación ao Plan de Pensións segundo o Acordo Marco vixente, e polos seguintes importes: aportación individual anual 331,26€/ano (27,61€/mes); sendo a aportación total por todos os/as empregados/as de 82.815,00€ o que supón un incremento total respecto ao ano 2018 de 17.535,00€.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL VILAGARCÍA EN COMÚN PARA A REORDENACIÓN DO TRÁNSITO DE VEHÍCULOS EN DIVERSAS ZONAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

Polo Sr. Alcalde retirase a presente moción da Orde do Día da sesión plenaria, a proposta do Sr. López Rodríguez.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA MELLORAS NO PABELLON NÚMERO UN DE FONTECARMOA.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de agosto de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos Grupo Municipal do PP coa data de 20 de agosto de 2019, do seguinte teor:

Los concejales integrantes del Grupo Municipal Popular, al amparo de lo establecido en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formulan, para su discusión y, en su caso, aprobación en el Pleno Ordinario del 29 de agosto de 2019, la siguiente

MOCIÓN:

“Mejoras en el pabellón número uno de Fontecarmona”

EXPONEN

El estado de los vestuarios del pabellón de Fontecarmona es indigno. Ahí juega el Cortegada, equipo de división Nacional, y en el que recibe a equipos de toda España. La imagen que se llevan de Vilagarcía es lamentable. En el pabellón nº1 de Fontecarmona también se celebra uno de los mejores torneos de pretemporada de baloncesto de España, con tres equipos ACB, y un equipo Europeo, y por desgracia para los Vilagarcianos lo único que no está a la altura del evento son las instalaciones Municipales.

Otro de los problemas con los que tienen que convivir los equipos que allí juegan y entrenan, es la humedad, que muchas veces hace muy peligrosa la pista para la integridad de los deportistas.

El acceso de personas con discapacidades también es muy complicado. Aprovechando el espacio existente entre el pabellón y la piscina se podría hacer una rampa cómoda para personas con discapacidades físicas y así puedan acceder tanto al pabellón número uno, como al pabellón número dos.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del PP de Vilagarcía de Arousa

SOLICITA

- Que el Concello de Vilagarcía acometa las obras de renovación integral de los vestuarios del Pabellón número uno de Fontecarmona.
- Que busque una solución definitiva a los problemas de humedad que hay en la pista número uno.
- Aprovechando el espacio existente entre el pabellón y la piscina se haga una rampa cómoda para personas con discapacidades físicas y así puedan acceder tanto al pabellón número uno, como al pabellón número dos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PP e cidadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, Vilagarcía en Común, BNG e Marea da Vila, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo municipal de do PP sobre Melloras no Pavillón nº 1 de Fontecarmona.

Dáse conta das seguintes emendas:

- O Grupo Municipal do PSG-PSOE presenta a seguinte emenda: Pedir a colaboración económica da Xunta de Galicia para a realización das obras a que se refire a moción.

- O Grupo Municipal de Vilagarcía en Común presenta a seguinte emenda: Substituir o apartado 2, quedando do seguinte xeito: Que se busque unha solución aos problemas de condensación das pistas número 1 e número 2, así como a realización de reformas nos aseos do público, tanto en materia de accesibilidade como en materia de igualdade (cambiadores), para que sexan usados por homes e mulleres.

- O Grupo Municipal do PP acepta as emendas presentadas.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde a moción coas emendas presentadas, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade das persoas pertencentes ós grupos políticos municipais presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP, así como as emendas citadas, e:

- Que o Concello de Vilagarcía acometa as obras de renovación integral dos vestiarios do Pavillón número un de Fontecarmoa.
- Que se busque unha solución aos problemas de condensación das pistas número 1 e número 2, así como a realización de reformas nos aseos do público, tanto en materia de accesibilidade como en materia de igualdade (cambiadores), para que sexan usados por homes e mulleres.-
- Aproveitando o espazo existente entre o pavillón e a piscina que se faga unha rampla cómoda para persoas con discapacidades físicas e así poidan acceder tanto ao pavillón número un como ao pavillón número dous.
- Pedir a colaboración económica da Xunta de Galicia para a realización das obras a que se refire a Moción.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE PARA O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA PARA A VÍA VERDE.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 29 de agosto de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PSG-PSOE coa data de 21 de agosto de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN: FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA PARA A VÍA VERDE

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción: **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O proxecto da futura Vía Verde do Salnés xurde a iniciativa dos tres concellos por onde transcorre o antigo trazado antigo do ferrocarril, Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis e Portas.

Tras moitos meses de xuntanzas e xestións o proxecto de redacción foi elaborado pola propia Fundación Vía Verde.

Para o financiamento deste proxecto os alcaldes dos devanditos concellos mantiveron diversas xuntanzas con representantes da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra, acordando nun primeiro momento unha cofinanciación a tres partes. Unha parte os tres concellos, 180.000 euros, unha parte a Deputación de Pontevedra, 200.000 euros, e unha terceira a Xunta de Galicia, 200.000 euros.

Unha vez que os tres concellos implicados e a Deputación dispuxeron da contía económica comprometida a asinaron o correspondente convenio para o financiamento das obras, a Xunta de Galicia envía un borrador de convenio no que diminúe a súa parte de cofinanciación de 200 mil a 164.081,41€, sen ningún tipo de explicación e incumprindo a palabra dada pola conselleira de Medio Ambiente aos alcaldes e á Presidenta da Deputación.

A Deputación a día de hoxe xa ten licitadas e iniciadas as obras correspondentes á parte de financiamento dos concellos e da propia Deputación, non tendo a día de hoxe ningunha comunicación por parte da Xunta de Galicia da parte de financiamento que lle corresponde.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- O Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente a financiar a parte da obra comprometida, 200 mil euros, na mesma

cuantía que a Deputación de Pontevedra, tal e como se acordou coa anterior Conselleira de Medio Ambiente.

2.- Instar á Xunta de Galicia a asinar canto antes o convenio coa Deputación e cos Concellos e licitar a parte das obras que quedan pendentes para a construción da futura Vía Verde

Vilagarcía de Arousa, 21 de agosto de 2019

Tania García Sanmartín

Voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Ciudadanos, Marea da Vila, e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSG-PSOE sobre o financiamento da Xunta de Galicia para a obra da vía verde do Salnés.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade das persoas pertencentes ós grupos políticos municipais asistentes ao Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a Moción presentada polo Grupo Municipal do PSG-PSOE e:

1.- Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente a financiar a parte da obra comprometida, 200 mil euros, na mesma cuantía que a Deputación de Pontevedra, tal e como se acordou coa anterior Conselleira de Medio Ambiente.

2.- Instar á Xunta de Galicia a asinar canto antes o convenio coa Deputación e cos Concellos e licitar a parte das obras que quedan pendentes para a construción da futura Vía Verde

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190903&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.